



Ferrol, 30 de marzo de 2020

Estimadas familias:

Infórmase que acaba de ser publicada hoxe na páxina da Consellería de Educación unha orde pola que os usuarios de comedor que non pagan ou que pagan 1 euro poden solicitar axudas para este período de estado de alarma.

Estas familias recibirán unha compensación económica do custo diario do menú por comensal, percibindo:

- 2,50 € no caso do alumnado que asistía con gratuidade total
- 1,50 € para o alumnado que paga 1€.

Esta medida cubriría dende que se iniciou o Estado de alarma é dicir, dende o día 16 ata o 3 de abril: 3 martes lectivos. En caso de prórroga cubriría os martes lectivos pertinentes e faríase un segundo pagamento.

Para poder obter esta axuda, é preciso presentar unha solicitude dende o día 31 de marzo ao 6 de abril, ambos inclusive.

A presentación desta tramitación, é posible, de dúas formas:

- Formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (necesario certificado dixital ou a chave365)

- Facilitar á dirección do centro –por vía telefónica 881930233 ou a través dun correo electrónico a ies.catabois@edu.xunta.es- os seguintes datos:

- DNII ou NIE do pai/nai ou titor legal.
- Condicións de beneficiarios de comedor nas bases de datos da Consellería, é dicir, se é usuario que non paga ou usuario que paga un euro.
- Nome e apelidos do pai/nai ou titor/a;
- Nome, apelidos e curso do alumno/a usuario do comedor
- Número de conta bancaria no que se quere percibir o aboamento.

A resolución sairá en 10 días desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes e o pago efectuarase nos seguintes 5 días dende que saia a resolución.

A orde que regula estas axudas é a *ORDE do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19, co levantamento dos prazos de suspensión do procedemento (código de procedemento ED601B).*

Pódese consultar o texto íntegro no enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/30697>

Atentamente
O equipo directivo